



REGULAMENTO

XXXVII CARREIRA POPULAR - VOLTA Á RÍA MEMORIAL “ADOLFO ROS”

O vindeiro día **3 de decembro de 2023**, ás **10:00 horas**, terá lugar a saída da **XXXVII CARREIRA POPULAR - VOLTA Á RÍA, “MEMORIAL ADOLFO ROS”**, que se celebrará consonte co seguinte:

REGULAMENTO XERAL

ARTIGO 1. ORGANIZADORES

1.1.- O Concello de Ferrol, en colaboración cos Concellos de Narón, Neda e Fene, organiza a XXXVII edición da carreira de media maratón “Memorial Adolfo Ros - Volta á Ría”.

As probas terán lugar o día 3 de decembro de 2023 a partir das 10:00 horas, e contarán tamén con probas para categorías de menores.

1.2.- A Organización contará coa axuda da Garda Civil de Tráfico e da Policía Municipal dos catro Concellos, que regularán o tránsito ao longo do percorrido.

1.3.- Así mesmo actuarán como colaboradores habilitados pola organización, as agrupacións de Protección Civil dos catro Concellos citados, así como algunha outra entidade de voluntarios doutros concellos aos que se solicite colaboración no caso de ser necesario. Entre os colaboradores estará tamén Aefat (Asociación que agrupa á familias afectadas por ataxia telangiectasia en España).

Outros colaboradores serán clubs inscritos en calquera dos catro concellos organizadores.

ARTIGO 2.- PERCORRIDO E DURACIÓN.

2.1.- A saída e a chegada terán lugar na Estrada de Castela, nas inmediacións da praza de España de Ferrol.

2.2.- O percorrido será de media maratón (distancia non homologada) 21.000 metros aproximadamente sobre asfalto, e discorrerá polos concellos de Ferrol, Narón, Neda, Fene e Ferrol. (nese orde)

2.3.- A proba está incluída no calendario da Federación Galega de Atletismo.

2.4.- O percorrido estará sinalizado como mínimo cada 5 kms.

2.5.- No percorrido estableceranse controis, así como postos de avituallamento situados nos Concellos de Narón, Neda, Fene e Ferrol e estarán nos quilómetros 5, 10, 15 e 20 aproximadamente.

2.6 - Prohíbese o acompañamento dos participantes e o uso de coches de apoio. O incumprimento desta norma implicará a inmediata descualificación dos corredores que a infrinxiran. Os únicos vehículos autorizados que poderán seguir a proba serán os das forzas de seguridade e os de apoio a organización, que contarán con roupa apropiada e visible.

2.7.- O control de chegada pecharase **unha hora despois** de que entre en meta o primeiro clasificado. Cando un participante sobrepase o tempo previsto de peche de control (unha hora dende que entre o primeiro clasificado), será avisado pola organización e deberá subir ao coche oficial que pecha a carreira e abandonar a proba coa fin de non entorpecer o tráfico automobilístico e o desenvolvemento da propia actividade. No caso de continuar, farao baixo a súa responsabilidade, debendo cumprir as normas e sinais, e considerarse un usuario máis da vía, quedando eximida a organización de toda responsabilidade do que puidese acontecer (Regulamento xeral de circulación R.D. 1428/2003).

2. 8- O percorrido da proba figura como Anexo I ao presente Regulamento.

ARTIGO 3.- PARTICIPANTES

3.1.- A proba está aberta a todos os atletas, federados ou non, sen distinción de sexo.

3.2.- En calquera caso poderán participar na media maratón os/as nacidos/as no ano 2005 e anteriores. Para as categorías de menores, estableceranse probas de menor distancia.

3.3.- Cada corredor/a participa na media maratón baixo a súa responsabilidade e declara que dispón dun nivel de condición física suficiente para afrontar a proba. A organización terá potestade para descualificar a calquera atleta que a propósito da súa imposibilidade para participar na proba, proporcione datos erróneos para poder facelo.

ARTIGO 4.- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN.

4.1 Unha inscrición é válida cando a persoa participante enche o boletín de inscrición a través da web: **www.carreirasgalegas.com** e realice o pago da

inscrición. Poderanse realizar inscricións ata o mércores 28 de novembro de 2023 ás 23:59 horas.

4.2 Aqueles que se inscriban máis dunha vez, inducendo a posible erro á Organización, quedarán descualificados.

4.3 A inscrición da carreira é persoal e intransferible. Non se admitirán devolucións, baixo ningunha causa, do importe da inscrición.

4.4 A realización da inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: "Declaro que estou en bo estado físico. Eximo á organización, patrocinadores comerciais, directivos, empregados e demais organizadores, de toda responsabilidade que da participación no evento se puidese derivar tal como: perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias, lesións, ..."

4.5 - Os/as participantes comprométense a:

- Aceptar estritamente tódolos artigos do presente regulamento.
- Aceptar as posibles modificacións da proba ás que a organización se vexa obrigada por causas alleas á súa vontade.

4.6 - Todos os/as corredores/as ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Mediante a inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos sexan empregados pola organización para comunicacións acerca da súa actividade. En todo caso e tal e como establece a Lei de Protección da datos, o interesado pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante un escrito ou correo electrónico nas oficinas da Concellería de Deportes do Concello de Ferrol, praza de Armas s/n, 15402 Ferrol, <deportes@ferrol.es>.

4.7 A organización resérvase o dereito a rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións do evento que queden expostos no presente regulamento. En caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida neste, estarase ao que dispoña a organización.

Descualificacións: O servizo médico da competición e os xuíces árbitros están facultados para retirar da carreira a:

- Calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
- Todo/a atleta que non realice o percorrido completo
- Todo/a atleta que non teña dorsal ou non o leve visible, dobre ou manipule a publicidade ou o fotocopie.
- Todo/a atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se retire en protestas ante a organización, á marxe do estipulado no apartado de reclamacións.

4.8 Condicións para as cadeiras de rodas e Handbikes:

- As cadeiras deberán ter un mínimo de 2 rodas grandes e 1 pequena.

- Non se permitirá a participación en cadeiras de rodas de paseo, que non foran deseñadas para a actividade de atletismo.
- Os atletas aseguraranse que ningunha parte dos seus membros inferiores toquen o chan durante a carreira.
- Será responsabilidade do competidor que a cadeira de rodas estea conforme ás regras enriba indicadas e de non demorar a carreira mentres fai os axustes á cadeira.
- Todos os atletas en cadeiras de rodas levarán obrigatoriamente casco durante toda a carreira.
- O desprazamento mediante algún método, excepto o empuxe do corredor sobre as rodas ou aros de impulsión suporía a descualificación.

4.9 Condicións para participantes con Discapacidade Visual:

- Todos os atletas deberán obrigatoriamente participar cun guía. Este guía identificarase cun peto de cor brillante facilitado pola organización. Se algún atleta con discapacidade visual non ten guía, a organización non permitirá participar na proba, por motivos de seguridade.
- Cando o corredor con discapacidade visual cruce a liña de chegada o guía deberá estar por detrás del.
- O método de guía poderá ser elixido polo atleta. Poderá escoller entre ser dirixido por un guía que lle suxeite o cóbado, ou por medio de atadura ou ben correr sen suxeición. Non se permitirá soste o atleta, suxeitarase da súa roupa ou atar as mans do atleta coas do guía. A atadura deberá deixar un espazo de polo menos 5 cm entre as mans do atleta e as do guía. Ademais o corredor poderá recibir instrucións verbais do guía.
- Os guías non poderán usar bicicleta ou outros medios mecánicos de transporte.
- O guía non poderá en ningún momento tirar do atleta ou empurralo para darlle impulso. A infracción suporá a descualificación.
- Independentemente de que se empregue atadura ou non, entre o atleta e o guía non poderá haber en ningún momento unha distancia maior de 0,50 m

ARTIGO 5.- CATEGORÍAS

5.1 – Categorías Absolutas

CATEGORÍAS ABSOLUTAS.	
Sub 20:	Nacidos/as no ano 2004 e 2005
Sub 23:	Nacidos/as no ano 2001 – 2002 - 2003
Sénior	Nacidos/as no ano 2000 ata o 1989
Master 1	Nacidos/as en 1988 ata 1983
Master 2	Nacidos/as en 1982 ata 1973
Master 3	Nacidos/as en 1972 ata 1963
Master 4	Nacidos/as 1963 e anteriores

Cadeira de rodas*
Handbike*
Invidentes*
*Considéranse categorías non oficiais da F.G.A. e non participantes

5.2 – Categorías de menores

CATEGORÍA	
Sub 18	Nacidos/as no 2006 - 2007
Sub 16	Nacidos/as no 2008 - 2009
Sub 14	Nacidos/as no 2010 - 2011
Sub 12	Nacidos/as no 2012 - 2013
Sub 10	Nacidos/as no 2014 - 2015
Sub 8*	Nacidos/as no 2016 - 2017
PEQUES*	Nacidos/as no 2018 e anteriores

ARTIGO 6.- CUSTO DA INSCRICIÓN

6.1 Para inscribirse na proba (media maratón), as persoas participantes deberán pagar a cantidade de 4 €.

6.2 As inscricións para as carreiras de menores serán gratuítas

ARTIGO 7.- RETIRADA DE DORSAL.

7.1.- A retirada de chips e dorsais poderase efectuar :

- Venres 1 de decembro de 10:00 a 13:30 e de 16:00 a 20:30 horas no Complexo Polideportivo Municipal da Malata.
- Sábado 2 de decembro 10:00 a 13:30 no Complexo Polideportivo Municipal da Malata e de 16:00 a 20:30 horas na Praza de España. (oficina de Turismo)
- Domingo 3 de decembro, dende as 8.00 ata as 9.30 horas na Praza de España do Concello de Ferrol. (oficina de Turismo)

O acto de recollida de dorsal e chips entenderase como confirmación da participación, debendo por tanto, recoller os dorsais persoalmente.

Se o dorsal fose retirado por outra persoa diferente ao participante na proba, o que recolle deberá deixar nome e apelidos e un teléfono de contacto.

ARTIGO 8.- PROBAS PARA MENORES

A continuación da saída da carreira absoluta terá lugar a carreira das categorías de menores, discorrendo polo Concello de Ferrol cos mesmos puntos de saída e chegada que a carreira principal, cos seguintes percorridos

e distancias:

CATEGORÍAS	SAÍDA	DISTANCIAS
Sub 18 e Sub 16	10:05	2.000 mts
Sub 14 e Sub 12	10:20	1.000 mts
Sub 10	10:35	500 mts
Sub 8	10:45	250 mts
Peques	10:55	50 mts

ARTIGO 9.- PREMIOS

9.1.- As clasificación publicaranse inmediatamente despois de finalizar a proba na Web da entidade cronometradora.

9.2 - Habará trofeos para:

- Gañador e gañadora absoluta da proba.
- Tres primeiros clasificados tanto masculinos como femininos da clasificación xeral da proba absoluta residentes en calquera dos catro concellos organizadores (Narón, Neda, Fene e Ferrol)
- Tres primeiros clasificados de cada categoría, masculina e feminina, tanto absoluta como de menores agás os peques.

Os premios son acumulativos,

9.3 Todos os participantes que obtivesen algún premio deberán presentar algún documento de identidade (DNI ou pasaporte) que acredite a data de nacemento do premiado así como a súa residencia en calquera dos catro Concellos (Narón, Neda, Fene e Ferrol) no caso de obter premio por clasificación para residentes nos concellos organizadores.

A non presentación deste documento supón a non entrega do premio

9.4 .- A entrega de trofeos terá lugar ás 13:00 horas na praza de España de Ferrol. Os/As premiados/as deberán estar no lugar indicado 10 minutos antes para axilizar a entrega de premios.

ARTIGO 10.- CONTROL TÉCNICO DA PROBA.

10.1 - A proba será controlada polo Comité Galego de Xuíces de Atletismo e rexerese polas normas do Regulamento da IAAF. Tamén está incluída no Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo.

10.2 – O Xuíz árbitro será designado pola F.G.A. para resolver calquera suceso de tipo técnico, interpretando o regulamento da proba.

10.3- Os tempos tomaranse mediante sistema informático. Existirá un control de tempo na saída, no quilómetro 10 e na meta. Só terán validez os chips persoais

integrados no dorsal da carreira. O tempo de carreira só será rexistrado se a persoa participante leva posto correctamente o chip, que irá integrado no dorsal.

10.4- O dorsal debe levarse na parte dianteira en lugar visible.

10.5 – Apelacións. As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó Xuíz Arbitro da Competición non mais tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos

ARTIGO 11.- SEGUROS.

11.1.- A organización ten subscrito un Seguro Colectivo de Accidentes e Responsabilidade Civil.

11.2.- A organización recomenda aos participantes que, con anterioridade á proba, efectúen un recoñecemento médico específico e que realicen un adestramento axeitado para as características desta competición.

11.3- A Organización non se fará responsable dos danos morais ou materiais que poidan sufrir os participantes antes, durante ou como consecuencia da súa participación nesta proba.

ARTIGO 12.- ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

12.1.- Os/As participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométense a non anticiparse ao momento da saída e a cubrir a distancia completa antes de cruzar a liña de meta.

12.2.- Todos/as os/as participantes, polo feito de formalizar a inscrición, dan o seu consentimento para que a organización, ela mesma ou mediante terceiras entidades, traten informaticamente e con finalidade exclusivamente deportiva, promocional ou comercial, os seus datos de carácter persoal, así como a súa imaxe dentro da proba mediante fotografías, vídeos, etc. De acordo co que establece a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, da protección de datos de carácter persoal, o/a participante poderá exercer o seu dereito de acceso a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de forma parcial ou total o seu contido. Poderase exercer este dereito mediante un escrito ou correo electrónico nas oficinas do Negociado de Deportes do Concello de Ferrol, Praza de Armas s/n, 15402 Ferrol.

12.3- Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición, o/a corredor/a consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de Accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas en ruta. En todo caso e tal e como establece a Lei de protección de datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo (Avda. Glasgow, Nº13. – 15008, A Coruña).

12.4- A Organización poderá modificar o presente regulamento, sen previo aviso. Igualmente resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste Regulamento.

OBSERVACIÓNS IMPORTANTES:

Cando un participante sobrepase o tempo previsto de peche de control (unha hora dende que entre o primeiro clasificado), será avisado pola organización e deberá subir ao coche oficial que pecha a carreira e abandonar a proba coa fin de non entorpecer o tráfico automobilístico e o desenvolvemento da propia actividade. No caso de continuar, farao baixo a súa responsabilidade, debendo cumprir as normas e sinais, e considerarse un usuario máis da vía, quedando eximida a organización de toda responsabilidade do que puidese acontecer (Regulamento xeral de circulación R.D. 1428/2003).

Haberá servizo de duchas no Polideportivo Municipal de Esteiro (Rúa San Ramón s/n 15406 Ferrol)

Anexo II: Percorrido Carreira Absoluta



Saída de Ferrol: Saída estrada de Castela, nas inmediacións da Praza de España , dirección Narón.

- Estrada de Castela

Entrada en Narón

- Ponte das Cabras
- Estrada de Castela
- Meta – Estrada de Castela, nas inmediacións da Praza de Galicia de Narón.

Entrada en Neda

- Ponte de Xuvia
- Avda. De Xuvia
- Avda. Algeciras
- Puntal.

Entrada en Fene


- Avda. de Conces.
- Cruce Igrexia.
- Avda. das Pías

Entrada en Ferrol

- Avenida das Pías.
- Avda. do Mar
- Rúa Telleiras
- Estrada Caranza
- Avda. Mc. Mahón
- Rúa Taxonera
- Rúa dos Irmandiños
- Praza de Galicia
- Rúa Concepción Arenal
- Xiro a dereita en Rúa Magdalena
- Praza de España (Paso por zona peatonal diante dos arcos da Praza de Sevilla)
- Rúa Carvallo Calero
- Xiro a Dereita carreteira de Castela
- Entrada en meta na estrada de Castela.


Recorrido carreira Sub 16 e sub 18 (2000 m) 1 volta

Saída crta Castilla ata cruce con rúa Bertón, xiro 180° e volta por crta Castilla.



Recorrido categoría sub (250 m)

Saída crta Castilla ata cruce con rúa Euzkadi xiro 180° e volta por crta Castilla.



Recorrido categoría peques (50 m)

Saída dun arco a outro dentro da zona dos valados.

